



BASES DA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA SELECCIONAR ÁS ENTIDADES COLABORADORAS E AOS BENEFICIARIOS DO PROXECTO: “LUGO TERMAL 2016”, PERTENCENTE Á ÁREA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, EMPREGO, BENESTAR E IGUALDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1. Obxecto

O obxectivo do proxecto “Lugo Termal 2016” é potenciar os recursos destinados á benestar social co fin de conseguir unha promoción da autonomía persoal, así como, a prevención e a detección precoz da dependencia, mediante o coidado da saúde a través de actividades de lecer e tempo libre, impulsando unha maior concienciación social para que as persoas maiores, que actualmente teñen autonomía persoal, poidan mantela mediante a posta en práctica de hábitos de vida que lles faciliten un envellecemento activo e saudable e manteñan o maior tempo posible a súa autonomía, previndo deste xeito a dependencia.

2. Réxime da convocatoria

O proxecto “Lugo Termal 2016” ten por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3) articularase na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia non competitiva, sendo esta un tipo de subvención non calificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades sanitarias e de servizos sociais (código sector económico Q). Esta axuda ten unha finalidade de promoción dos servizos sociais e a promoción social (código finalidade 5), non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, nin prevese modificación algunha desta situación (código do impacto de xénero 2).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo atópase publicada na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v2.jsp&contenido=30233&tipo=6&nivel=1400&layout=p_20_contenedor1.jsp&codResi=1&language=gl&codMenu=87&codMenuPN=4&codMenuSN=98.

FASE 1: PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A SELECCIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “Lugo Termal 2016”

1. Requisitos de adhesión ao proxecto

As entidades que queiran participar neste proxecto “Lugo Termal 2016”, deberán ofertar aos usuarios os produtos descritos nos seguintes bloques de actuacións:

Bloque A:



1. Deberán ofertar estanzas de 6 días con 5 noites, dende a resolución da presente convocatoria ata o 31 de decembro 2016.
2. As estanzas comprenderán 5 pensións completas.
3. Con carácter xeral o domingo será o día de entrada, tendo o servizo de cea e aloxamento incluído; o día de saída será o venres, tendo ese día o último servizo de almuerzo e xantar.
4. Con carácter xeral deberán ofertar a cada beneficiario do proxecto “Lugo Termal 2016” 8 técnicas de saúde por estanza.
5. Deberán ofertar un recoñecemento médico á chegada para cada un dos beneficiarios do proxecto “Lugo Termal 2016”.
6. As entidades disporán dun programa de animación sociocultural de luns a xoves ambos inclusive.
7. As entidades deberán garantir asistencia no caso de que os beneficiarios teñan problemas de mobilidade ou incapacidade para poder manexarse por si mesmos no uso das instalacións (especialmente no relativo ó acceso as piscinas e habitacións)
8. O establecemento termal deberá ofrecer un programa de atención para persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Estes poderán desfrutar dun entorno adaptado, ademais de favorecer o descanso de familiares e cuidadores. Estará enfocado a persoas con discapacidade que estean ou non integradas en algunha asociación ou centro (de maneira autónoma ou con acompañante que lles asista nas actividades da vida cotiá). Os requisitos que deberán cumprir serán os de acreditar un grao de minusvalía igual ou superior ó 33% e un informe médico favorable para poder desfrutar das técnicas termais.
9. Deberán ofrecer a posibilidade de que calquera participante do proxecto “Lugo Termal 2016” poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e disposición nas entidades adheridas ao proxecto “Lugo Termal 2016”. En último termo, os novos solicitantes sempre terán prioridade sobre estes.
10. Deberán ofrecer aos usuarios a posibilidade de prolongar a súa estadía no balneario tras rematar a súa estanza. Neste caso a entidade comprometerase a ter cos beneficiarios deste programa un prezo especial, tendo en conta que o desfrute da mesma non estará subvencionado pola Deputación de Lugo.
11. Deberán colocar unha placa na recepción do establecemento do Balneario sinalando que o mesmo participa do proxecto Lugo Termal 2016, promovido pola Deputación de Lugo,. Esta placa poderá ser proporcionada por esta entidade local.
12. Deberán indicar de xeito expreso e en calquera tipo de soporte que colaboran co proxecto “Lugo Termal 2016”, promovido pola Deputación de Lugo. Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actividade e funcións conveniadas, incorporaranse os “Logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo para o que é preciso solicitalo ó Gabinete de Comunicación do ente provincial. Así como os Balnearios que se adhieran ao proxecto Lugo Termal 2016 autorizarán a Deputación de Lugo a utilizar nas campañas de difusión do presente programa a súa imaxe, co obxecto de facilitar esta.



As entidades participantes comparecerán, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación no Pazo Provincial ou de xeito descentralizado, a cal será convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren con posterioridade.

As entidades autorizan, coa súa participación, á Deputación Provincial de Lugo, a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado á colaboración estipulada no proxecto “Lugo Termal 2016”.

As entidades adheridas ao proxecto “Lugo Termal 2016” deben ofrecer os produtos descritos no Bloque A por un prezo total máximo que en ningún caso poderá superar os 250,00 €.

Bloque B:

Deben ofrecer a posibilidade de que os beneficiarios do proxecto “Lugo Termal 2016” poidan optar por recibir unicamente as 20 técnicas terapéuticas durante dez días, sen necesidade de estancia na entidade adherida. Neste caso o importe a pagar polo beneficiario non contará co financiamento da Deputación.

A Deputación valorará a oferta de desconto feita por parte das entidades adheridas, sobre o produto descrito no Bloque B.

2. Prazo para a presentación de solicitudes de adhesión das entidades

O prazo para a presentación de propostas por parte das entidades interesadas será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Elección dunha “Entidade Directora”

Entre os establecementos adheridos elixirán unha “Entidade Directora”, e dentro desta, designarase unha persoa responsable da xestión das solicitudes que estará en contacto coa Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo para a boa xestión deste proxecto.

No caso de que non exista acordo na elección da “Entidade Directora”, desempeñará tales funcións a que oferte máis prazas ao programa.

4. Presentación e formalización de solicitudes de adhesión

1. Solicitantes

Poderán adherirse a este proxecto as entidades privadas que teñan como actividade principal o desenvolvemento dunha actividade orientada ao “coidado da saúde” que se pode ofertar en balnearios que, estando dotados dos medios axeitados, empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo se establece no artigo 22 da Lei 5/1995, do



7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e se atopen dentro do ámbito territorial da provincia de Lugo.

2. Presentación de solicitudes

As entidades interesadas en adherirse ao proxecto “Lugo Termal 2016” presentarán orixinal da documentación requirida en cada caso preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo ou en calquera dos Rexistro e oficinas ás que fai referencia o artigo 38.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, xunto coa documentación técnica esixible en cada caso.

3. Documentación requirida

Deberase presentar debidamente cumprimentado o formulario-solicitud de adhesión (Anexo I) xunto coa documentación administrativa e a técnica esixible.

Documentación administrativa

A documentación administrativa que deberá presentarse é:

1. Solicitud de adhesión segundo modelo establecido.
2. Copia compulsada de Tarxeta de Identificación Fiscal.
3. Licenza para a realización de actividade.
4. Certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social , así como aportar declaración responsable de cumprir os requisitos fixados no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións e de que non concorre circunstancia excluínte da obtención da condición de beneficiario ou entidade colaboradora (Anexo IV):

“Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta Lei as persoas ou entidades nas cales conorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do



concurso.

- c) Ter dado lugar, por causa da que tivesen sido declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato asinado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social imposta polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras leis que así o establezan.
- i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta Lei cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que tivesen concurrido aquelas."

A presentación das solicitudes supón a aceptación das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas fixados nelas.

A concurrencia a este procedemento implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será a estritamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de



aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

Documentación Técnica

A documentación técnica que deberá presentarse en papel e en formato electrónico é:

1. Memoria descriptiva das actuacións levadas a cabo pola entidade no último ano, indicando, de ser o caso, o detalle do número de aloxamentos cos que conta a entidade e prezos segundo a estación, no último ano, indicando o número medio de persoas aloxadas segundo a estación, no último ano.
2. Número de prazas que ofertan no programa "Lugo Termal 2016" neste ano 2016 (este será estimativo); incluíranse os prezos e o tipo de técnicas que serán aplicadas, tendo en conta o Bloque 1 e Bloque 2.
3. Memoria descriptiva para garantir asistencia ós beneficiarios que teñan problemas de mobilidade ou incapacidade para poder manexarse por se mesmos no uso das instalacións.
4. Memoria descriptiva enfocada a persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
5. Equipo de traballo
6. Descrición das instalacións.
7. Produtos para os que ofrece promoción, e proposta económica.

5. Instrución das solicitudes de adhesión

A Deputación de Lugo realizará de oficio os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formularse a proposta de resolución.

No caso de que a documentación estivera incompleta, a Comisión de Valoración constituída ao efecto, requirirá ás entidades proponentes, ao fin de que, no prazo de 10 días, a acheguen, advertindo que, en caso contrario, se procederá ao arquivo do expediente, sen que se suspenda a adhesión das entidades que fixeran a súa solicitude correctamente.

6. Comisión de Valoración

Unha vez revisadas as solicitudes de adhesión e feitas as emendas procedentes e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de 10 días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e as xustificacións que consideren pertinentes. Poderá prescindirse deste trámite cando non figuren no procedemento nin que se vaian a ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, que elevará ao órgano competente para resolver. Nesta fase procedimental, o órgano instructor constituirase nunha Comisión de Valoración que terá a seguinte estrutura:



Presidente/a: un funcionario da Deputación.

Vogais: dous funcionarios da Deputación que se designen para tal fin.

Secretario: o Secretario Xeral da Deputación.

Os devanditos membros poden delegar a súa representación nas persoas que consideren. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos.

Corresponde á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar os solicitantes que terán a condición de entidade colaboradora.

En canto ao funcionamento da Comisión de valoración aplicarase o previsto nos Artigos 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro e as disposicións de concordante aplicación da Lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto Básico do empregado público.

7.- Resolución e notificación

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo é o órgano competente para resolver o procedemento de selección de solicitudes de adhesión ao proxecto “Lugo Termal 2016”.

O prazo máximo para resolver será de dous meses, contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentar as solicitudes e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

A resolución da convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou poderá ser consultada polos interesados no taboleiro de anuncios da Deputación que estará a disposición dos interesados no enderezo: San Marcos, 8 (27001) Lugo. Tamén poderá ser consultada a través da páxina web: www.deputacionlugo.gal

8. Convenio de colaboración coas entidades adheridas

As entidades seleccionadas asinarán un convenio de adhesión coa Deputación de Lugo no prazo máximo de dez días a contar desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución de carácter estimatorio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade seleccionada asine o convenio, entenderase que renuncia á condición de entidade adherida ao proxecto “Lugo Termal 2016”.

9. Prazo de execución do Programa “Lugo Termal 2016”

O prazo de execución de este programa será como máximo o 31 de decembro de 2016. se con anterioridade a esta data se 3esgotase o crédito esta entidade poderá optar ben por dar finalizado o programa ou ben por incorporar crédito sempre que este estivera dispoñible.



A contía do programa “Lugo Termal 2016” será de 36.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2314.489.00 do vixente orzamento da Deputación de Lugo para o ano 2016.

FASE 2: PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS DO PROXECTO “LUGO TERMAL 2016”

1. Requisitos para poder ser usuario do proxecto “Lugo Termal 2016”

Para optar a esta convocatoria, en calidade de usuario dos produtos ofertados, serán necesarios os seguintes requisitos, que deberán cumprirse á data da presentación das solicitudes:

1. O solicitante titular deberá cumprir os requisitos de estar empadroadado nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ser maior de 55 anos cumpridos no momento de efectuar a solicitude.
2. O solicitante titular, poderá participar cun acompañante que non cumpra os requisitos contemplados no parágrafo anterior.
3. O solicitante titular e, no seu caso, o acompañante deberán reunir todos os requisitos para obter a condición de beneficiario de acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións (Anexo V).

2. Achega da Deputación de Lugo ao proxecto “Lugo Termal 2016”

Sobre o importe a cobrar a cada beneficiario do proxecto a Deputación de Lugo aplicará un desconto fixo de 60,00 € por usuario, independentemente do prezo ofertado pola entidade adherida ao proxecto.

O pagamento ás entidades adheridas por parte da Deputación Provincial de Lugo efectuarase previa presentación da factura mensual emitida a este organismo polo importe a aboar correspondente a 60,00€ (IVE engadido) por estancia e usuario, a cal deberá ser conformada pola Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade e remitida a Intervención da Deputación de Lugo para proceder ao seu pagamento, acompañada dos correspondentes certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, ademais dunha relación de beneficiarios xunto co exemplar do bono orixinal correspondente a dita estancia.

3. Prazas ofertadas

O número de prazas ofertadas no proxecto “Lugo Termal 2016” é de 600. Estas poderán ser incrementadas como consecuencia de posible incorporación de remanentes dispoñibles.

4. Presentación das solicitudes e prazo

A solicitude, xunto coa documentación adicional requirida, presentarase conforme ao modelo oficial que figura nos



anexos, dirixíndoa ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro e a lei 4/99 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

O prazo para presentar a solicitude será o que se publique no Boletín Oficial da Provincia e en medios de comunicación social.

Existen impresos normalizados establecidos ó efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.gal).

Tamén os terá á súa disposición Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo

5. Documentación a achegar en cada solicitude

Toda a documentación deberá ser achegada en soporte orixinal ou copia autenticada, compulsada ou cotexada.

1. A solicitude deberá achegarse no modelo normalizado (Anexo II) e deberá ser acompañada por fotocopia do DNI ou NIF do interesado, ou documento que regulamentariamente o substitúa.
2. Na solicitude será necesario cumprimentar un teléfono de contacto (fixo ou móbil) e un correo electrónico.
3. Declaración responsable do solicitante que acredite o requisito de estar empadroadado nalgún dos concellos da provincia de Lugo (Anexo III).

*A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera necesario, solicitar a documentación ao interesado e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polos solicitantes.

Para que o interesado poida exercer o seu dereito a obter copia selada da solicitude e documentos que entregue, deberá achegar unha copia de dita solicitude e documentos orixinais, ao obxecto de que se lle devolva co selo do rexistro de entrada da oficina de Rexistro.

A presentación das solicitudes supón a aceptación das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas fixados nelas.

A concorrencia a este procedemento implica a manifestación tácita de consentemento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será estritamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será a estritamente a xestión, tramitación e



xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

6. Aprobación das solicitudes.

Recibidas as solicitudes no Rexistro da Deputación, a Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, outorgándolles un prazo de dez días, dende a notificación do requirimento, con indicación de que se transcorridos estes días sen que se efectúe a emenda, procederase ao arquivo da mesma.

A selección dos beneficiarios farase atendendo ao rigoroso orde de presentación das solicitudes e finalizará ao esgotar as 600 prazas previstas para a execución do proxecto “Lugo Termal 2016”. A relación de beneficiarios deberá ser aprobada por Resolución de Presidencia desta entidade e será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios da Deputación de Lugo.

7. Selección de beneficiarios

A Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo recollerá todas as solicitudes e remitirá a entidade nomeada como “Entidade Directora” copia das mesmas acompañada dunha relación, para que efectúe os trámites necesarios para cursar as peticións recibidas.

A “Entidade Directora”, establecerá contacto cos interesados e coas demais entidades e trasladará á Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo a relación de pre-reserva das prazas efectuadas. Dende a recepción das copias das solicitudes por parte da “Entidade Directora” ata a finalización desta última tramitación non poderán transcorrer máis de dez días.

Finalmente, a Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar e Igualdade da Deputación de Lugo contactará co interesado/a ao efecto de comunicarlle a obrigatoriedade de recibir no propio Servizo o orixinal do bono correspondente, único documento que acredita a reserva definitiva.

O orixinal deste bono, en data previa á da admisión, será recollido exclusivamente polo titular da solicitude ou polo acompañante que figure na solicitude, presentando, en todo caso, o orixinal do seu DNI ou NIF.

8. Renuncia de beneficiarios

No caso de que o interesado renuncie á praza outorgada nalgunha das entidades adheridas ao proxecto “Lugo Termal 2016” deberá comunicalo por escrito no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento. De non



presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de exclusión directa para novas solicitudes. Os beneficiarios non poderán volver a optar a novas solicitudes deste programa, salvo que a renuncia se xustifique axeitadamente (problemas de saúde, familiares...).

9. Réxime de recursos

Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución. No caso de desestimación por silencio o prazo será de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produzan os efectos do acto administrativo.
2. Directamente recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. No caso do silencio administrativo o prazo será de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

10. Normativa de aplicación

A presente convocatoria rexerese polas normas específicas contidas nesta resolución e nas súas correspondentes bases e, en concreto, está baseada nas normas que se citan a continuación:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
2. Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia
3. Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
4. Bases de Execución do orzamento para a anualidade 2016 e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da resolución.
5. Lei 30/1992 de 26 de novembro e a Lei 4/1999 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
6. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia

Autorízase ao órgano competente da Deputación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde e o inicio da presente convocatoria.

As disposicións aquí contidas entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial de



DEPUTACIÓN DE LUGO

Lugo.

En Lugo, a 22 de xullo de 2016